



CIRCULAR 66 – 2020

XVIII CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA AO AIRE LIBRE.

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). O día 22 de novembro celebrense o Campionato de Galicia de marcha en pista, na pista de atletismo do CGTD de Pontevedra.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas, coas marcas mínimas acreditadas, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.

Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios Campionatos de Galicia.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 17 de novembro do 2020.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

Art.4) O horario (provisional) e distancias do Campionato é o seguinte

HORARIO PROVISIONAL DO CTO. DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA				
HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO	PARTICIPANTES
09:45*	1.000m	Sub 10	Mixto	8
09:55	2.000m	Sub 12	Masc.	8
10:10	2.000m	Sub 12	Fem.	8
10:25	2.000m	Sub 14	Masc.	8
10:40	2.000m	Sub 14	Fem.	8
10:54	2.000m	Sub 12 e Sub 14	Mixto	8
11:10	3.000m	Sub 16	Fem.	8
11:30	5.000m	Abs (Sub 16 e superiores)	Masc.	8
11:59	5.000m	Abs (Sub 18 e superiores)	Fem	8
12:31	3.000m e 5.000m	Sub 16 e Abs.	Fem	8
13:06	5.000m	Abs	Mixto	8

* Pendente segundo inscricións recibidas ata o martes 17 de novembro ás 20:00h.

Art.5) Polas limitacións COVID19 so poderán tomar parte un máximo de 8 atletas en cada carreira.

Art.6) Os tres primeiros atletas clasificados das categorías Sub10, Sub12, Sub14, Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Absoluta e as diferentes categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.7) Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folia de Declaración Responsable.

Art.8) O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.9) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

Art.10). Os/As atletas deberán pasar por cámara de chamadas (o horario da cámara de chamadas será publicado co horario definitivo do campionato). A saída a pista terá que ser realizada coa camiseta xa posta

Art.11) Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 1 euro. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art.12). A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do/a participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.13) Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.14) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 14 de novembro de 2020

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo